

INSTITUCIONAL

**Cuenca acolleu a reunión dos xerentes dos Consorcios de Cuenca, Toledo e Santiago de Compostela**

Os días 15 e 16 de abril os xerentes dos Consorcios de Toledo, Cuenca e Santiago de Compostela mantiveron unha serie de xuntanzas nas que puxeron en común o traballo, xestión, necesidades e retos comúns das tres entidades. O alcalde da cidade de Cuenca, Darío Dolz, recibiu a Mariano Teruel, xerente do Consorcio da Cidade de Cuenca, Jesús Coroto, xerente do Consorcio da Cidade de Toledo e Belén Hernández, xerente do Consorcio de Santiago; Juan Ángel Esteban Paul, Inspector xeral do Ministerio de Facenda, tamén participou nas xornadas.



OFICINA TÉCNICA

**Comeza a sexta edición do Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación**

O venres 26 de abril iniciouse a sexta edición do CEGOR, o Curso Superior de Especialización en Xestión de Obras de Rehabilitación no que participan a Fundación Laboral da Construción co apoio do Consorcio de Santiago. O programa do CEGOR continúa apostando pola combinación de formación práctica e teórica nun programa de 300 horas que se desenvolverá ata o próximo mes de novembro. As persoas asistentes, poderán profundizar en novas tecnoloxías, materiais, procedementos e técnicas da man de máis de 40 profesionais que impartirán tanto talleres teóricos como prácticos.

**Máis información:**  
<http://www.consorciosantiago.org/g/noticias/comeza-sexta-edicion-do-curso-superior-de-especializacion-en-xestion-de-obras-de-rehabilitacion>



**O Consorcio de Santiago tramita 74 solicitudes do programa "TER É MANTER"**

Continúa a boa acollida do programa Ter é manter, subvencións destinadas ao mantemento e rehabilitación dos elementos especiais de madeiras e reixas, e ao mantemento da envolvente exterior das vivendas da Cidade Histórica compostelá. Actualmente, o equipo da Oficina Técnica do Consorcio está a elaborar a avaliación dos proxectos presentados polas persoas e entidades solicitantes.

**Máis información:**  
<http://www.consorciosantiago.org/g/noticias/continua-bona-acollida-de-ter-e-mantener-que-recibe-74-solicitudes-para-este-2024>

PUBLICACIÓNS

**O Consorcio de Santiago coedita xunto a El Patito Editorial o libro "Compostela Ilustrada", que recolle as ilustracións feitas nos Encontros Internacionais de Cadernos de Viaxe**

Coincidindo co Día Internacional do Libro, que se celebra cada 23 de abril, o Museo do Pobo Galego acolleu a presentación de "Compostela Ilustrada". Trátase dunha publicación que compila unha selección dos máis de 70 "cadernistas" que participaron nos últimos cinco anos no Encontro Internacional de Cadernos de Viaxe, que ten lugar cada mes de novembro nas rúas de Compostela.

**Máis información:**  
<http://www.consorciosantiago.org/g/noticias/compostela-ilustrada-presentouse-este-martes-23-de-abril-no-museo-do-pobo-galego>



**Commemoración do Día Internacional do Libro coa entrega de balde de publicacións**

Cada ano o 23 de abril, co gallo do Día Internacional do Libro o Consorcio de Santiago continúa achegando exemplares que forman parte das súas diferentes Bibliotecas - Biblioteca Fascimular, Biblioteca Científica, Divulgación, Xacobeas, Literaria ou Compostelana e Infantil e Xuvenil. Este ano, máis de 600 persoas recolleron un libro gratuito na Casa do Cabido, escollendo entre diferentes temáticas como arte, divulgación ou patrimonio compostelán.

**Máis información:**  
<http://www.consorciosantiago.org/g/noticias/o-consorcio-de-santiago-comemora-o-dia-internacional-do-libro-coa-entrega-de-balde-de-publicaciones>

MÚSICA

**REAL FILHARMÓNIA DE GALICIA**

**Máis info na programación da RFG:**  
<https://www.rfgalicia.org/es/programacion/>

**A ópera "A paixón de Simone" da compositora finesa Kaija Saariaho estreouse en España da man da RFG**

A Real Filharmonía de Galicia estreou a ópera da compositora finesa Kaija Saariaho da man da directora convidada a este concerto, Joana Carneiro. A obra "A Paixón de Simone" contou coa narración de Inés Salvado, a actuación do cuarteto vocal composto por Ángela Alves, Joana Valente, André Lacerda e Luis Pereira coa bailarina Inês Pedruco. O emotivo concerto no Auditorio de Galicia, contou cun invitado de honra, Jean Baptiste Barrière, viúvo da compositora.

Previamente, en colaboración coa USC, unha charla na Facultade de Filosofía, sobre a figura da filósofa Simone Weil e a súa presenza nas composicións de Kaijaa Saariaho. A conversa contou coa presenza da filósofa María Xosé Agra; a directora convidada da RFG, Joana Carneiro e o decano da Facultade de Filosofía, Xavier de Donato.



**A Real Filharmonía de Galicia acolleu ao virtuoso do sheng Wu Wei co concerto A cor da memoria**

Baixo a batuta do seu director titular, Baldur Brönimann, a RFG presentou as estreas en España de "A cor amarela para o sheng e orquestra" e "Ecos vermellos", sendo a primeira unha co-encarga da RFG e a Euskadiko Orkestra. Interpretáronse o 17 de abril no Teatro Afundación de Vigo e o xoves 18 no Auditorio de Galicia de Santiago. Ambos concertos contaron co solista convidado, Wu Wei, instrumentista de orixe chinesa de máis de 3.000 anos de antigüidade, unha armónica formada con canas de bambú e pechada nun recipiente de metal. Os asistentes aos concertos puideron desfrutar da polivalente harmonía, ritmo e polifonía deste instrumento que soa co o canto da ave Fénix dunha lenda chinesa.

**ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS**

**Ábrese o prazo de inscrición do Curso Avanzado de Especialización Orquestral e do Curso de Especialización Instrumental 2024-2025**

Os dous cursos de especialización da Escola de Altos Estudos Musicais abren os seus respectivos prazos de inscrición. O prazo de inscrición para o Curso Avanzado de Especialización Orquestral amplíase ata o 19 de xuño, mentres que a inscrición para o Curso de Especialización Instrumental o prazo remata 10 de xuño.

**Máis información CAEO:**  
<https://eam.es/g/noticias/convocatoria-curso-avanzado-de-especializacion-orquestal-2024-25/>

**Máis información CEI:**  
<https://eam.es/g/noticias/convocatoria-curso-de-especializacion-instrumental-2024-2025/>



**A violinista Raquel Castro impartiu clases maxistras na EAEM**

Raquel Castro impartiu clases de violín como parte do programa das clases maxistras da EAEM deste ano 2024. Raquel Castro naceu na localidade de Aguiño, en Ribeira, formou parte da Orquestra Xove de Galicia e, actualmente, exerce como intérprete e pedagoga do violín. A convocatoria das súas clases maxistras foi todo un éxito e esgotou o total de prazos e as 11 horas lectivas dispoñibles en días. En total 8 alumnos, estudantes de música de diferentes niveis, puideron ser tutorizados pola violinista, ademais do alumnado do CAEO.

**Máis información:**  
<https://eam.es/g/noticias/a-violinista-raquel-castro-impartiu-clases-maxistras-durante-a-primeira-fin-de-semana-de-abril/>



**Concerto de cámara do alumnado do CAEO 2023-2024**

O alumnado do Curso Avanzado de Especialización Orquestral deu un concerto de cámara o pasado 24 de abril na Sala Mozart do Auditorio de Galicia.

**Galería imaxes:**  
<https://eam.es/g/noticias/concerto-de-camara-no-auditorio-de-galicia/>